

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que o Pleno do Concello de Ames, en sesión ordinaria celebrada o día 1 de marzo de 2018 adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**Punto Noveno.- Autorización de compatibilidade para exercicio de actividade privada de Luisa Carlota Díaz Tomé.**

(.....)

*Rematadas as intervencións o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:*

**Primeiro.-** Autorizar a Luisa Carlota Diaz Tomé, técnica de Secretaría do Concello de Ames, a compatibilidade coa actividade privada de avogada en horario de tarde (16:30-20:00 horas) coas seguintes condicións:

1º Que no exercicio da súa actividade privada como avogada non coñecerá asuntos nos que estea intervindo, interviñera nos dous anos anteriores ou teña que intervir por razón do seu posto de técnico de secretaria do Concello de Ames.

Inclúese en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto de técnico de secretaria do Concello de Ames.

2º Non pertencer a consellos de administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas cuxa actividade está directamente relacionada co seu posto de técnico de secretaria no Concello de Ames.

3º Que non desempeña por si ou por persoa interposta cargos en empresas ou entidades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministradores, arrendatarias ou administradores de monopolios ou con participación ou aval do Concello de Ames, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.

4º Que non ten participación superior ó 10% no capital das empresas ou sociedades ás que se refire o número anterior.

5º Que non ten recoñecida compatibilidade para un segundo posto no sector público.

6º Que o seu complemento específico no Concello de Ames non supera nin superará o 30% da súa retribución básica no Concello.

7º Non poderá invocar ou facer uso do seu posto de técnico de secretaria do Concello de Ames para o exercicio da súa actividade profesional.

8º A súa actividade de avogada non poderán ter lugar en horario de mañá (7:45-15 horas).

**Segundo.-** Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 6 de febreiro de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e Praxe  
O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo